



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Nota informativa: ausencias por enfermidade

### **AUSENCIAS POR ENFERMIDADE CON BAIXA LABORAL:**

#### **1º) Aclaracións respecto á baixa laboral e descontos:**

En términos xerais, cada baixa laboral ten o seu desconto correspondente (**salvo as excepcións que aparecen no punto segundo desta nota informativa**). Se hai cinco baixas ao ano, cinco descontos distintos. Tanto no Real Decreto 20/2012, onde ven recollido a posibilidade de desconto por baixas, como na Instrucción conxunta da SEAP e SPGE que desenvolve o dos descontos, establécese que os vinte primeiros días de cada baixa comportan desconto automático nas retribucións.

Así, pois, os **descontos** no caso de baixa por incapacidade temporal por continxencias comúns serían os seguintes:

- **Tres primeiros días de baixa:** 50% das retribucións fixas do mes anterior.
- **Do día cuarto ao vinte:** 25% das retribucións fixas do mes anterior.

A partir do día **vinte da baixa ata o nonaxésimo** xa non hai desconto, polo que se cobra o 100% das retribucións do mes anterior. Ademais, lembre que a partir do día 90 de baixa é cando hai dous pagadores, xa que, por un lado, as retribucións básicas e a prestación por fillo a cargo cobranse da AEAT, e por outro cobraríase de Muface o subsidio establecido na normativa.

#### **2º) Excepcións:**

As excepcións a eses descontos no caso de baixa laboral, veñen recollidas no apartado 3, punto 2 da Instrucción, e son as seguintes:

##### **Recaídas:**

Non haberá desconto no caso de que o novo proceso de incapacidade temporal veña motivado por unha recaída na enfermidade que xa supoñera un desconto (é dicir, se xa che descontaron unha vez por un motivo concreto, non poderían penalizarte de novo polo mesmo). Iso sí, tede en conta que o desconto aplícase aos vinte días primeiros de cada baixa, polo que se na primeira baixa soportaches un desconto por cinco días, na seguinte baixa polo mesmo motivo “reanúdase” o desconto polos outros días que quedan ata o día



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

vinte. Obviamente se xa se soportou un desconto de 20 días, e logo hai recaída, esta nova baixa NON debe supoñer un desconto. Iso sí, hai que ter moi en conta que se cumpra o límite temporal que establece a norma para que se considere que houbo unha “recaída”. **Este límite temporal vén establecido no artigo 12,d, da Orde 1744/2010, onde se establece que para que legalmente poidamos falar dunha recaída, a baixa polo mesmo motivo debe ter lugar dentro dos 6 meses (180 días) seguintes á baixa inicial.** Para que se considere “recaída” o proceso patolóxico da baixa debe ser o mesmo que o da baixa inicial ou outro derivado desta. Lembrade que no propio parte de baixa hai un apartado para marcar a opción “recaída”.

**- Circunstancias excepcionais que non comportan desconto:**

Veñen establecidas no apartado 7 da Instrucción. Non hai desconto nos casos que a incapacidade temporal supoña intervención cirúrxica, hospitalización, tratamentos de radioterapia, quimioterapia ou por calquera baixa que teña lugar no embarazo (neste último caso, aínda que NON haxa situación de risco no embarazo).

Por outro lado, se a **incapacidade ten a súa orixe nun accidente de traballo ou enfermidade profesional**, as retribucións a percibir equivaldrán, desde o primeiro día de incapacidade temporal, ao 100% das retribucións que viñeran percibindo no mes inmediato anterior.

**AUSENCIAS POR ENFERMIDADE SEN BAIXA LABORAL:**

Se non se presenta baixa laboral, o artigo 3 da Orde 2802/2012 permite a ausencia sen que haxa desconto en nómina, por razóns de enfermidade ou accidente, ata catro días ao ano, dos que ata tres poderían ser consecutivos.

Insistimos, isto refírese a cando haxa razón de enfermidade ou accidente e NON se presente parte de baixa.

Por outro lado, tamén, como recolle a Orde 2802/2012, unha vez transcurridos eses catro días que permite a norma, no caso de ausencias por enfermidade **sen baixa laboral**, o desconto será do 50% das retribucións.

**CIG-AEAT**

**TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72**

**mariacarmen.ares@correo.aeat.es**